

MERCADOS MUNICIPAIS FERROL

EN GALEGO CON MOITO GUSTO

EN GALEGO CON MOITO GUSTO


pretende ser unha mostra de actividade continua arredor dun dos nosos valores de mercado máis exclusivos e primixenios, a nosa identidade, presente no mundo a través dos nosos produtos, das nosas ideas, das nosas receitas, dos nosos mercados e da nosa lingua, o galego.



Concello de Ferrol
NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

EN GALEGO CON MOITO GUSTO

MERCADOS MUNICIPAIS FERROL



A campaña *En galego con moito gusto*, *Mercados Municipais de Ferrol* xorde para dinamizar os mercados de Ferrol a través da nosa lingua, para darlle vida á lingua galega nos mercados.

O Concello de Ferrol presenta esta campaña de promoción da presenza social do idioma nos mercados, un dos ámbitos máis visibles da vida cotiá de Ferrol, desde o Consello Municipal da Lingua e os seus grupos de traballo. Nace, pois, da participación social á que se sumaron as asociacións de vendedores dos mercados, e, deste xeito, a campaña faise eco da sensibilidade das moitas persoas que participan no proceso de desenvolvemento das accións recollidas no Plan de normalización lingüística do noso Concello.

En galego con moito gusto inundará os nosos sentidos coa presenza dos sabores en galego, co gusto e coa olor dos produtos de maior calidade. Procura esta campaña identificar a nosa lingua coa calidade, os nosos mercados e os nosos produtos co noso, co sabor a galego.

A lingua galega tivo tradicionalmente e segue tendo un espazo de seu nos mercados de abastos e é necesario facela visible. A nosa lingua cobra vida porque está presente en cada recuncho, en cada posto, en cada conversa sobre o que comemos, sobre o que cocinamos e sobre o que somos.

Esta campaña de dinamización estará nos mercados desde finais de outubro ata finais de decembro. Encheranse os

mercados de imaxe e accións; as persoas usuarias dos mercados recibirán agasallos útiles para a súa visita ao mercado e para revitalizar a nosa lingua.

Porase en marcha un **concurso de receitas** para que todas aquelas persoas que o desexen acheguen a súa experiencia e coñecementos na arte de cocifiñar con produtos nosos.

Só agardamos que a campaña cobre protagonismo entre as persoas que a cotío visitan os mercados de Ferrol e que a nosa lingua vaia da man con elas, que esta actividade vaia de boca en boca para deixar ver que Ferrol é unha cidade activa cunha lingua e uns mercados vivos.